

## **O persoal do servizo de limpeza do Clínico mobilízase en demanda da readmisión dunha traballadora**



[1]

O persoal do servizo de limpeza do Hospital Clínico acordou en asemblea iniciar mobilizacións polo incumprimento dos acordos e do propio convenio colectivo por parte da nova adxudicaria, Grupo norte, co coñecemento e consentimento da Xerencia do CHUS. A primeira concentración tivo lugar a primeira hora de hoxe e xa anunciaron que continuarán nas próximas semanas de non se reincorporar á traballadora despedida.  
29/12/17.

O comité de empresa denuncia que o Grupo Norte se negou a subrogar a unha traballadora, que foi despedida co cambio de concesionaria. Entenden que esta decisión supón un flagrante incumprimento da oferta técnica feita por ela mesma e que lle deu os puntos grazas aos que gañou a adxudicación do servizo.

Unha oferta segundo a que se comprometía a incrementar o número de traballadores/as diarios en máis de sete. Porén, desde o día 3, data na que comezou a operar, non fixo efectivo ese compromiso, que tampouco se reflicte no cuadrante para o vindeiro mes que acaba de trasladar ao persoal.

### **Ligazóns:**

[1] <http://cigservizos.org/node>